



Sindicato
Profesional
de Xustiza

SPJ-USO REITERA SOLICITUDE Á DXX DE MEDIOS DE PROTECCIÓN PARA OS FUNCIONARIOS DE XUSTIZA COMO PREVENCIÓN DO COVID-19.

O SINDICATO PROFESIONAL DE XUSTIZA SPJ-USO Galicia, CIF G15380033, no seu propio nome e no dos funcionarios que prestan os seus servizos en Galicia, mail spjusogalicia@fep-uso.es, e domicilio a efectos de notificacións no local sindical sito en C/Lalín nº 4 – Edificio Xulgados - (locales sindicais) 36.209 de Vigo, por medio do presente expón a medio de denuncia e **SOLICITA:**

A pesar de que dende este sindicato estamos a solicitar o teletraballo e a dispoñibilidade na maioría dos órganos xudiciais e fiscais, como medida tendente a conter a expansión do contaxio do Covid-19, co obxecto de que os traballadores non se vexan obrigados a desplazarse ós seus centros de traballo para cumprir as súas obrigas, co risco que eso acarrea, e coas excepcións evidentes dos Xulgados de Garda, Violencia sobre a muller el algún outro, non é menos certo que debemos velar pola protección e saúde dos funcionarios en servizos mínimos.

Deben observarse as recomendacións e medidas adoptadas polo Ministerio de Sanidade, para evitar o contaxio e propagación da enfermidade, en tódalas actuacións xudiciais que deban realizarse, o que ata o de agora non se está cumprindo, pola **ausencia de medios materiais necesarios para elo, con grave risco para a saúde de quen presta os seus servizos na Administración de Xustiza galega e dos cidadáns que acuden ós órganos xudiciais.**

Os funcionarios da xustiza galega transmítennos a súa fonda preocupación pola faltade medios de prevención nos seus xulgados para afrontar a crise sanitaria, e concretamente, que non teñen mascarillas, guantes, xeles ou solución alcohólicas para desinfección. Nalgúns Xulgados repartíronse algúns guantes, noutros só o gel, e na maioría, non se repartiron nin sequera marcarillas.

Chegamos á conclusión de que estes escasos medios que se están repartindo non chegan para todos os xulgados, e ós que chegan, fano de maneira insuficiente.

Tamén é certo que se están levando a cabo a diario medidas de limpeza e desinfección nos Xulgados e Fiscalías, mais considerámolas **totalmente insuficientes**, e especialmente nos Xulgados de garda e órganos con mais persoal de servizos mínimos, ou maior afluencia de público.

SINDICATO PROFESIONAL DE XUSTIZA SPJ-USO.

SINDICATO MAIORITARIO NA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA.

A CORUÑA: Roberto 617685531 - Eugenia 655455702 **SANTIAGO:** Manuel Tejada 654737422

FERROL: Manu 678514555 **LUGO:** Rodrigo 605739886 **OURENSE:** Fran 660450226

PONTEVEDRA: Nilo 615496257 **VIGO:** Julio 600292730 - Yoli 655770994

Email xeral para Galicia spjusogalicia@fep-uso.es

Visita o noso blog <http://spjusogalicia.wordpress.com>

SPJ-USO Galicia - C/Lalín nº 4 – Edificio Xulgados - (locales sindicais). 36209 de Vigo



Sindicato
Profesional
de Xustiza

Tendo en conta todo o anterior, non se está dando cumprimento ás medidas acordadas polo Ministerio de Sanidade, o CXPX, a Xunta de Galicia, e en xeral, as autoridades sanitarias competentes. A actual situación de crise sanitaria estase a agravar día a día, e hora a hora, e os afectados polo coronavirus non deixan de aumentar a nivel nacional, e concretamente en Galicia, onde xa hai casos confirmados en varios edificios xudiciais.

Aínda contando con tódalas precaucións precisas e que solicitamos, e tomando tódalas medidas de seguridade e hixiene, non hai garantía de preservar a saúde dos traballadores, polo que, evidentemente, non dispoñer de medios, constitúe un grave risco para a saúde dos traballadores da xustiza galega e para as súas familias e os cidadáns, cousa que non podemos consentir dende o sindicato maioritario na Xustiza galega, e polo que

SOLICITAMOS:

1.- Novamente, redución dos servizos mínimos, como pedimos en diversos escritos presentados, e o peche dos Xulgados, coas excepcións do Xulgado de garda, Violencia e algún outro órgano.

2.- ESIXIMOS MEDIDAS URXENTES PARA A APLICACIÓN INMEDIATA DAS MEDIDAS DE PREVENCIÓN EXPOSTAS e a DISTRIBUCIÓN DO MATERIAL NECESARIO (mascarillas, guantes, xeles ou solucións alcohólicas para desinfección, etc).

Dende SPJ-USO entendemos que a situación actual habilita de por sí para que os traballadores e traballadoras poidan exercer o dereito a interromper a súa actividade e abandonar o lugar de traballo para preservar a súa saúde, conforme ó artigo 21.2 da Lei de Prevención de Riscos Laborais, ó cal nos teremos que acoller para protexer a saúde dos nosos representados, caso de ignorarse as nosas solicitudes.

SPJ-USO vivirá calquera situación de risco que se vaia producindo nos diferentes centros de traballo, e actuará de inmediato se procede, por así esixilo a situación actual.

JULIO BOUZA BOUZA, con DNI 34.995.617-J, en representación de SPJ-USO.

DIRECCIÓN XERAL DE XUSTIZA

R/ Madrid 2-4, 2ª planta, 15781, SANTIAGO DE COMPOSTELA

SINDICATO PROFESIONAL DE XUSTIZA SPJ-USO.

SINDICATO MAIORITARIO NA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA.

A CORUÑA: Roberto 617685531 - Eugenia 655455702 **SANTIAGO:** Manuel Tejada 654737422

FERROL: Manu 678514555 **LUGO:** Rodrigo 605739886 **OURENSE:** Fran 660450226

PONTEVEDRA: Nilo 615496257 **VIGO:** Julio 600292730 - Yoli 655770994

Email xeral para Galicia spjusogalicia@fep-uso.es

Visita o noso blog <http://spjusogalicia.wordpress.com>

SPJ-USO Galicia - C/Lalín nº 4 - Edificio Xulgados - (locales sindicais). 36209 de Vigo